

13

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes para o curso 2015-2016 nas escolas infantís A Galiña Azul

A rede autonómica ofertará un total de 9.294 prazas, 532 máis (6%) que o curso anterior



2

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta da Estratexia de garantía xuvenil e do Programa extraordinario de activación para o emprego

8

Informe do paro rexistrado

Galicia rexista en febreiro un descenso de 1.453 persoas en situación de desemprego con respecto ao mes anterior

Sumario	Traballo	2-9	Política social	10-13
	Accidentes laborais	7	Xuventude e voluntariado	14-15
	Informe do paro rexistrado	8-9	Publicacións e normativa	16-24
Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar			
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas			
	Coordinación: Pepa Dabán Royo			
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces			
ISSN: 2254-7835				

VOLUNTARIADO GOLD

LUGO
CERVO
MONFORTE

5

A Xunta pon en marcha un proxecto de voluntariado hospitalario no que participan xa máis de 40 asociacións

14

Publicada no DOG a orde de axudas por fillo a cargo que incrementa as contías de 360 a 1.200 euros polo segundo nacemento

18

Publicacións

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta da Estratexia de garantía xuvenil e do Programa extraordinario de activación para o emprego

- ▶ Ambas as iniciativas foron acordadas con patronal e sindicatos, e suman en total 15 medidas que contarán cun investimento de 60 millóns de euros
- ▶ Todas as medidas se poran en marcha no primeiro semestre deste exercicio
- ▶ Estes plans teñen como obxectivo promover a inserción laboral dos participantes a través fundamentalmente de catro eixos: mellora da intermediación, da empregabilidade, apoio á contratación e fomento do emprendemento
- ▶ As dúas estratexias inclúen unha medida innovadora: o programa de adquisición de experiencia en entidades sen ánimo de lucro, que se articulará a través de contratos anuais
- ▶ Os parados de longa duración poderán compatibilizar durante 5 meses a renda de acompañamento cun contrato, e a Xunta cubrirá cun incentivo os 7 meses restantes ata cumprir un ano

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015.- A Estratexia de garantía xuvenil e o Programa extraordinario de activación para o emprego sumarán un total de 15 medidas e 60 millóns de euros nestes dous anos. Ambas as iniciativas inclúen actuacións innovadoras, entre as que destacan a contratación de

131 novos técnicos e orientadores no Servizo Público de Emprego de Galicia co fin de impulsar a intermediación laboral pública, ou a posta en marcha de incentivos por traballador de ata 9.800 euros para parados de longa duración.

Así o detallou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a súa comparecencia no

Parlamento galego para dar conta destas dúas ferramentas, que foron pactadas con patronal e sindicatos no mes de xaneiro. "Recoller as demandas e recomendacións dos representantes sindicais e empresariais é, sen dúbida, a mellor garantía de éxito", subliñou a titular do departamento autonómico.

Segundo explicou Mato, "se o desemprego é o noso obxectivo número un, a prioridade son os colectivos que maiores dificultades están a atopar". De aí que estes dous plans estean deseñados para mellorar a empregabilidade de dous dos colectivos máis afectados: os menores de 25 anos e os parados de longa duración con cargas familiares. Isto, por suposto, sen esquecer as medidas específicas que ten deseñado o departamento para as persoas en risco de exclusión ou con discapacidade.

O obxectivo xeral de ambos os dous plans é mellorar o currículo e opcións de inserción no mercado laboral dos participantes a través de catro eixos: mellora da intermediación, así como da empregabilidade, apoio á contratación e fomento do emprendemento.

Ambas as iniciativas comparten algunha das súas medidas, como por exemplo a contratación de 131 novos orientadores e técnicos en prospección laboral no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) (75 no marco do Programa de activación e 56 no de Garantía xuvenil).

Tamén comparten a formación dual, que ata o momento estaba dirixida só aos menores de 30 anos, e que agora se estende tamén aos parados de longa duración.

Outra das actuacións incluídas en ambos os dous plans é o novo programa de adquisición de

experiencia en entidades sen ánimo de lucro, que permitirá a contratación dos beneficiarios durante un ano nunha entidade de iniciativa social. Os dous plans tamén inclúen a adquisición de competencias tecnolóxicas, de idiomas e de certificados de profesionalidade.

150 millóns para o emprego xuvenil

O ano pasado a Xunta xa liderou a posta en marcha do primeiro Plan de emprego xuvenil da Xunta, que ten como obxectivo reducir o desemprego entre os menores de 30 anos. Contén 19 medidas, dotadas con 100 millóns de euros, que se desenvolverá entre 2014 e 2015.

Trátase dun plan que xa está contribuíndo a mellorar as expectativas no mercado laboral. De feito, o desemprego entre os menores de 25 anos en Galicia reduciuse un 21,5%, un 15,6% máis do que diminuíu o paro dos menores de 25 no conxunto do Estado. Isto quere dicir que hoxe hai 3.605 mozos desempregados menos que hai un ano, o que converte a Galicia na primeira comunidade con maior redución de desemprego entre os menores de 25 anos.

Complementario a este plan, en xaneiro aprobouse o

Programa de garantía xuvenil, dirixido neste caso aos menores de 25 anos que non estean ocupados, nin integrados nos sistemas de educación ou formación. Hai 31.400 beneficiarios potenciais deste novo plan, segundo os datos da EPA. A súa finalidade é que todos estes mozos reciban, nun prazo máximo de catro meses desde que se anoten, unha oferta de traballo, de educación continua, de formación para o emprego ou para realizar un período de prácticas.

Esta iniciativa contará cun orzamento de 49 millóns de euros e 9 medidas específicas. Este investimento súmase aos 100 millóns de euros que xa estaban consignados ao Plan de emprego xuvenil, de xeito que se chegará a 150 millóns de euros destinadas a promover o emprego entre a mocidade.

En canto a medidas concretas, a conselleira destacou a posta en marcha de obradoiros de emprego para menores de 25 anos, vinculados a sectores emergentes como novas tecnoloxías, innovación ou asistencia sanitaria. Tamén se inclúe a realización de prácticas non laborais en empresas ou programas específicos para obter o título da ESO ou de

Formación profesional básica de grao medio; o apoio á contratación indefinida, temporal, e á transformación de contratos temporais en indefinidos; ou axudas a fondo perdido de 1.200 euros para a súa constitución como traballadores autónomos, sen necesidade de acreditar un investimento en activo fixo.

Activación para o emprego

Por outra banda, Mato subliñou a necesidade de comprometerse "coas persoas desempregadas de longa duración que ademais contan con cargas familiares". A eles vai dirixido o Programa extraordinario de activación para o emprego, que desenvolverá medidas de orientación, formación e cualificación.

Os beneficiarios deste plan son os mesmos que percibirán a renda de acompañamento de 426 euros posta en marcha polo Goberno central. En Galicia hai 20.000 persoas potenciais beneficiarias que poderán solicitar esta axuda.

Este plan contará con 6 medidas específicas e 10 millóns de euros, o que ademais sitúa a Galicia como a primeira comunidade en deseñar un plan complementario para obter o título da ESO ou de

Entre estas 6 actuacións concretas, Mato fixo especial fincapé no apoio á contratación deste colectivo. Así, o programa ofrece ás empresas que contraten estas persoas a posibilidade de compatibilizar durante 5 meses a renda de acompañamento cun contrato por conta allea. Galicia decidiu subvencionar os 7 meses restantes con 426 euros –o equivalente á renda do Estado– ata cubrir un ano de contrato. Deste xeito, a empresa que realice un contrato por un ano recibirá 3.000 euros; e entre 8.000 e 9.800 se o contrato é indefinido.

Potenciarase tamén, o autoemprego entre o colectivo, con incentivos de ata 9.000 euros: 7.800 euros ao darse de alta; e 1.200 en subvención para actividades de asesoramento previo.

Calendario

Durante a súa intervención, Mato precisou que dúas das 15 medidas de ambos os plans xa están publicadas no Diario Oficial de Galicia: os obradoiros de emprego de menores de 25 anos, e as prácticas non laborais en empresa para este colectivo.

Outras 4 actuacións publicáranse antes de que remate marzo e as 9 restantes dentro do primeiro semestre deste ano.

<http://planemplegoxuvenil.xunta.es/>

AQUÍ TES UN PLAN PARA TI

PARA A FORMACIÓN PARA A EMPREGABILIDADE PARA A EMPRESA PARA O EMPRENDIMENTO

SPEG EMPREGO XUVENIL

Mato destaca a inserción laboral dos obradoiros de emprego nos que este ano se investirán preto de 15 millóns de euros

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, clausurou en Santiago o programa mixto de formación e emprego no que o departamento autonómico investiu 205.000 euros e que beneficiou a 23 persoas
- ▶ 'Ecotur Santiago' centrouse nas especialidades de promoción turística local e información ao visitante; confección e publicacións de páxinas web; e operación auxiliar de revestimentos continuos de construción
- ▶ Os alumnos e alumnas, ademais de formarse, rehabilitaron a Escola de Vilvestro para o seu uso como centro de visitantes 'Val de Roxos-Camiño a Fisterra'
- ▶ No marco da convocatoria de 2014, desenvolvéronse na provincia da Coruña un total de 15 obradoiros de emprego nos que participan 32 concellos e 315 alumnos e contan cun investimento da Xunta de 2,8 millóns de euros
- ▶ Mato destacou que o Goberno galego vén de publicar por primeira vez unha orde de axudas para obradoiros de emprego específica para menores de 25 anos



Formación dual

de emprego levou tamén en 2015 á Consellería de Trabajo a blindar a orde anual de obradoiros e, ademais, publicou por primeira vez unha liña de axudas deste tipo de programas específica para menores de 25 anos, e que está incluída dentro do novo plan de Garantía xuvenil. Así, en 2015 investíranse en global preto de 15 millóns de euros na posta en marcha de máis de 70 obradoiros.

Nos últimos seis meses desenvolvéronse en toda Galicia 53 obradoiros aos que o Goberno galego destinou 9,6 millóns de euros. Con este financiamento acadouse a participación de 1.300 galegos e galegas. Á provincia da Coruña destináronse 2,8 millóns de euros co que se financiaron 15 obradoiros e participaron 32 concellos e 315 alumnos.

<http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-qualificacions>

Por último, Mato resaltou que estes programas mixtos de formación e emprego non son os únicos que a Consellería de Trabajo e Benestar desenvolve en colaboración cos concellos. Lembrou, por exemplo, que o ano pasado se puxo en marcha un novo programa de formación dual coas administracións locais, que en 2015 consolidárase. Na actualidade, un total de 188 traballadores e traballadoras de toda Galicia de 21 concellos e unha mancomunidade están contratados a través da formación dual. A Consellería está a investir 600.000 euros en financiar a parte formativa e incentivar a contratación. Estes contratos están deseñados para menores de 30 anos en situación de desemprego e esixen, como mínimo, que o 25 por cento da xornada laboral se destine á formación.

ecolóxico da zona e unha páxina web do centro de visitantes.

Mato lembrou que "a aposta decidida" do Goberno galego por este tipo de actuacións enmárcase na súa liña de apoiar a formación certificada, xa que mellora a empregabilidade. De feito, lembrou que desde 2009, o departamento autonómico ten financiado actividades formativas e de recoñecemento da experiencia que permitiron que case 50.000 galegos e galegas obtivesen un certificado de profesionalidade. Por iso, en 2015 reforzouse de novo a formación, o que permitirá que se beneficien 25.000 novos traballadores e traballadoras ao longo de 2015.

Un total de 70 proxectos para 2015

Así mesmo, a conselleira sinalou que o éxito dos obradoiros

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2015.-

O obradoiro de emprego 'Ecotur Santiago' vén de rematar coa participación dun total de 23 persoas sen emprego que se formaron e acadaron un posto de traballo nas especialidades de promoción turística local e información ao visitante; confección e publicación de páxinas web; e operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción. A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, clausurou este programa mixto de formación e emprego no que o departamento autonómico investiu un total de 205.000 euros.

Ademais de formarse, o alumnado rehabilitou a Escola de Vilvestro para o seu uso como centro de visitantes 'Val de Roxos-Camiño a Fisterra' e elaboraron recursos materiais para a promoción do turismo

Galicia e o Norte de Portugal alíanse para mellorar a situación laboral dos traballadores transfronteirizos



Porto, 20 de febreiro de 2015.- O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, asinou no Porto un protocolo de colaboración entre a Comunidade de Trabajo Galicia-Norte de Portugal e os sindicatos da Eurorrexión a prol do emprego, unha das prioridades do actual Goberno autonómico.

Ademais de Rueda, participaron na sinatura o presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento do Norte (CCDR-N), Emídio Gomes; o presidente do Consello Sindical Interrexional, Osvaldo Fernandes; e representantes sindicais de Galicia e Portugal.

O acordo supón un paso máis no camiño que Galicia emprendeu hai anos, xunto á veciña Portugal, e que o propio vicepresidente xa anunciou no Parlamento galego o pasado 10 de febreiro, durante unha comparecencia para informar sobre a situación da Cooperación transfronteiriza e interrexional na nosa Comunidade.

Así Rueda explicou que agora que as dúas rexións encaran a recuperación económica é máis necesario que nunca que a burocracia non tapone ningunha opción de emprego e crecemento. Nese obxectivo leva anos insistindo a Xunta con iniciativas

- ▶ A Comunidade de Trabajo Galicia-Norte de Portugal e o Consello Sindical Interrexional asinaron en Porto un protocolo de colaboración a prol do emprego
- ▶ Supón un acordo explícito para a eliminación de barreiras á mobilidade transfronteiriza, impulsando políticas activas de emprego neste sentido
- ▶ Alfonso Rueda insistiu en que en momentos de recuperación económica é necesario que a burocracia non tapone ningunha opción de emprego e crecemento
- ▶ O vicepresidente destacou que a cooperación transfronteiriza en emprego será fundamental na captación de fondos e na recuperación económica da Eurorrexión.

como o "Ibermovilitas", para fomentar a mobilidade laboral; a homologación dos títulos de FP; ou os Job Days, punto de encontro transfronteirizo entre empresarios e profesionais.

Cooperación para captar fondos

Ábrese unha etapa na que a cooperación transfronteiriza en materia de emprego será fundamental na captación de fondos europeos, na recuperación económica da Eurorrexión e, especialmente, no día a día das persoas que viven a ambos os lados da raia. Unha etapa na que é imprescindible que as institucións reforcen a súa colaboración cos axentes sindicais.

Con ese obxectivo, asíñase este convenio, que supón un

acordo explícito para desenvolver actuacións para a eliminación de barreiras á mobilidade transfronteiriza, impulsando políticas activas de emprego neste sentido.

Ademais, mediante este acordo as ambas partes comprométese a promover accións de mobilidade transfronteiriza na formación profesional, a cualificación dos recursos humanos e a inserción profesional dos máis novos en zonas de fronteira.

Por último, o acordo supón un esforzo conxunto na creación de emprego transfronteirizo e na formación de carácter ocupacional nos sectores que xeren emprego nos dous países; así como un impulso á cooperación en materias de mutuo interese, como poden ser a industria ou a innovación tecnolóxica.

<http://www.poctep.eu/>

Traballo incide na importancia da loita contra a sinistralidade laboral no sector primario na inauguración de Previsel

- ▶ A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, inaugurou a décima edición do Salón da prevención e seguridade laboral (Previsel) en Ourense
- ▶ Segundo indicou Bouso, "en Galicia, os riscos laborais e a súa prevención na agricultura e na gandaría son importantes porque se trata dun sector moi importante histórica, económica e socialmente e, en concreto, no caso dos traballos nas viñas porque se fai en condicións difíciles polo abrupto do terreo"
- ▶ O ISSGA participa en PREISEL cun stand informativo coas distintas campañas formativas, divulgativas e de sensibilización desenvolvidas polo Instituto e desenvolverá dous obradoiros para traballadores do sector vitícola e do granito

Ourense, 10 de febreiro de 2015.- A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, inaugurou a décima edición do Salón da prevención e seguridade laboral (Previsel) en Ourense. Na súa intervención incidiu na necesidade de loitar contra a sinistralidade laboral no sector primario.

Segundo indicou Bouso, "en Galicia, os riscos laborais e a súa prevención na agricultura e na gandaría son importantes porque se trata dun sector moi importante histórica, económica e socialmente e, en concreto, no caso dos traballos nas viñas --que é un dos sectores de maior dinamización económica en



Ourense--, polo feito de que se faga en condicións difíciles polo abrupto do terreo".

Pola súa banda, o ISSGA participará en PREISEL cun stand informativo coas distintas campañas formativas, divulgativas e de sensibilización desenvolvidas polo instituto, así como as publicacións editadas

sobre diversos temas de seguridade e saúde laboral.

Coa súa presenza neste tipo de encontros, pretende contribuír á tarefa colectiva da prevención de riscos e concienciar a poboación traballadora sobre a importancia desta, coa finalidade de impulsar unha auténtica cultura da prevención.

Traballo e a Cámara de Santiago clausuran un programa de formación e asesoramento para 25 empresas

- ▶ A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, clausurou o Programa de creación e consolidación de empresas organizado pola Cámara de Comercio
- ▶ Este curso, de oito semanas de duración, contou cun amplo abano de relatorios de formación, asesoramento, acompañamento e seguimento, en todo o proceso de creación dunha empresa
- ▶ Bouso apuntou que "a aposta polo emprego por conta propia pode resultar unha fórmula válida para favorecer tanto a incorporación, como a reincorporación ao mercado de traballo".

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2015.- A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, clausurou o Programa de creación e consolidación de empresas organizado pola Cámara de Comercio de Santiago en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, que permitiu apoiar a 25 empresas cun orzamento por parte da Administración de 9.000 euros.

Na súa intervención, Bouso indicou que este curso, de oito semanas de duración, contou

cun amplo abano de relatorios de formación, asesoramento, acompañamento e seguimento, en todo o proceso de creación dunha empresa e dirixiuse a empresarios que pretenden consolidar o seu negocio, mellorar a súa rendibilidade, ou avaliar novas alternativas para a súa expansión.

Engadiu que o fomento do espírito emprendedor, mediante a promoción do desenvolvemento económico a través do sector privado, resulta unha das áreas prioritarias de intervención da

política de emprego deseñada pola Consellería de Traballo e Benestar.

Apuntou que "a aposta polo emprego por conta propia pode resultar unha fórmula válida para favorecer tanto a incorporación, como a reincorporación ao mercado de traballo das persoas que nun momento se atoparon de novo nunha situación de desemprego".

A directora xeral sinalou que desde a Consellería de Traballo e Benestar se xestiona unha batería de axudas para a posta en marcha de novos proxectos empresariais, desde a promoción do emprego autónomo, ata outras máis complexas como as societarias, sen

esquecer as fórmulas de economía social, cooperativas e sociedades laborais, así como as iniciativas de emprego de base tecnolóxica cun alto compoñente de investigación, innovación e tecnoloxía.

Así mesmo, salientou que é fundamental axudar financeiramente, a través de subvencións, aos emprendedores para facilitar a posta en marcha dunha nova empresa e "para iso, ofrécense servizos de apoio e asesoramento, tanto no momento previo, como unha vez constituída a empresa, xa que é conveniente acompañar os emprendedores nos seus primeiros anos para a súa consolidación e evitar a súa desaparición".

Cámara
Santiago de Compostela

Galicia rexistrou no ano 2014 un total de 23.214 accidentes de traballo durante a xornada laboral

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2015.- Galicia rexistrou no ano 2014 un total de 23.214 accidentes de traballo en xornada laboral, o que supón un incremento do 3,79% (+848) con respecto aos que se detectaron en 2013.

Deste total, 22.726 foron de carácter leve, 429 foron graves, e 59 foron mortais. Isto supón que o 97,9% do total dos accidentes foron leves, un 1,85% correspóndense con sinistros graves, e o 0,25% cos mortais. Neste último caso, o maior número de sinistros correspondeuse cos accidentes de buques e afundimentos no sector pesqueiro.

Por provincias, produciuse unha redución dos accidentes de traballo na provincia de Pontevedra (-3,45%), pero rexistrouse un incremento no resto das provincias: A Coruña (+7,61%), Lugo (+11,39%), e Ourense (+2,98%).

En canto aos sectores, a agricultura (-0,25%) e a industria (-0,16%) rexistraron un descenso nos accidentes laborais, mentres que os sinistros aumentaron na pesca (+5,65%), na construción (+5,71%), e nos servizos

(+5,88%).

Para medir a sinistralidade laboral tamén se emprega o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de persoas traballadoras coas continxencias profesionais cubertas (número de accidentes de traballo dividido pola poboación afiliada e multiplicado por 100.000). Neste caso, o índice de incidencia incrementouse en Galicia no 3,58% en comparación co ano anterior.

Por provincias, o índice de incidencia baixou en Pontevedra (-3,62%), pero subiu na Coruña (+7,26%), Lugo (+11,32%), e Ourense (+3,05%).

Respecto dos accidentes "in itinere" (os ocorridos durante os desprazamentos ao ir ou volver do traballo) no 2014 producíronse 2.755, 63 menos que no 2013 (2.818) o que supón unha redución dun 2,24%.

Enfermedades profesionais

Durante o ano 2014 foron comunicados 588 partes de enfermidades profesionais que causaron baixa. Por sexos, 256

foron homes e 332 mulleres. Isto supón un incremento con respecto ao ano anterior de 67 novas comunicacións.

Os sectores da industria e dos servizos son os que rexistraron máis partes de enfermidades profesionais con baixa. En concreto, na industria correspondéronse en maior medida co colectivo masculino, mentres que en servizos co feminino.

Por grupos de enfermidades con baixa, o maior número de casos foron provocados por axentes físicos (433), seguido do grupo das enfermidades producidas por axentes biolóxicos (56).

Por provincias, o maior número de partes procede de Pontevedra (311), seguida pola Coruña (169), Ourense (75) e Lugo (33).

Sen baixa, comunicáronse un total de 536 enfermidades profesionais en Galicia.

Plan de actividades do ISSGA 2015

É preciso lembrar que vén de aprobarse no Consello da Xunta o Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde

Laboral para 2015, que conta tamén co acordo de patronal e sindicatos.

Esta ferramenta conta con 80 actuacións, articuladas ao redor de 6 eixos. Os seus principais obxectivos son promover un máis eficaz cumprimento da normativa; incrementar a calidade e eficacia dos sistemas de prevención; implicar a todos os actores na seguridade e saúde laboral; potenciar a formación e cultura da prevención na sociedade galega; e mellorar a investigación na materia.

Este ano inclúense medidas novas como a publicación dun estudo cos datos da sinistralidade dos últimos 10 anos ou a posta en marcha dun programa de asesoramento técnico en ergonómia en centros hospitalarios e en residencias de persoas maiores.

Ademais das novas medidas, reforzaranse especialmente certos sectores. Por exemplo, este ano realizarase unha campaña informativa e formativa específica no sector da pesca, que incluírá a realización de cursos sobre a actuación en caso de accidente.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/estadisticas/>

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra en febreiro un descenso de 1.453 persoas en situación de desemprego con respecto ao mes anterior

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2015.-

Galicia pechou o mes de febreiro con 257.549 persoas en situación de desemprego, o que supón un descenso de 1.453 persoas con respecto a xaneiro (-0,56%). Trátase do maior descenso intermensual dun mes de febreiro desde 2007, tanto en termos absolutos como relativos.

Así o explicou a directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, quen explicou ademais que o paro rexistrado amosa de novo unha "tendencia positiva" na evolución interanual. De febreiro de 2014 a este mes de febreiro o paro descendeu en 22.522 persoas, un -8,04 por cento.

"Trátase da décimo sexta baixada interanual consecutiva do paro rexistrado, isto é, levamos máis dun ano de baixadas acumuladas", o que sitúa a Galicia en niveis de paro anteriores a 2012, ou o que é o mesmo, "o número de desempregados galegos volve ser o de hai tres anos", subliñou.

A responsable autonómica destacou tamén que o comportamento interanual rexistrado en termos absolutos este mes se corresponde co mellor dun mes de febreiro de toda a serie histórica –estadísticas publicadas desde 1996.

En España, o desemprego baixou en 13.538 persoas, un 0,30 por cento, ata situarse nos 4.512.153 parados. En termos interanuais, o paro en España baixou nun 6,24%. Deste xeito, Galicia sitúase por riba da media estatal tanto a nivel mensual como interanual.

Por sectores, as principais diminucións deste mes concéntranse na construción (-777) e na industria (-508). A continuación sitúase o sector servizos (-179), e a agricultura e a pesca (-61). Pola contra, detectouse un lixeiro aumento de parados no colectivo sen emprego anterior (+72).

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, agás en Ourense. O maior descenso produciuse na Coruña (-1.204), seguida de Lugo (-270) e Pontevedra (-94). Pola súa banda, en Ourense detectouse un leve incremento de 115 persoas.

Contratos

Na evolución dos contratos, este mes rexistráronse un total de 53.692 contratos, 8.726 menos que no mes anterior. Deste total, 5.136 foron indefinidos (9,67%), e 48.556 temporais (90,43%). No eido dos contratos, tamén se rexistra unha interanual positiva do 17,94%.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	100.400	-1.204	-1,18	-9.007	-8,23
Lugo	25.467	-270	-1,05	-3.082	-10,80
Ourense	28.230	115	0,41	-2.273	-7,45
Pontevedra	103.452	-94	-0,09	-8.160	-7,31
Galicia	257.549	-1.453	-0,56	-22.522	-8,04
España	4.512.153	-13.538	-0,30	-300.333	-6,24

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
	A Coruña	47.975	52.425
Lugo	12.488	12.979	25.467
Ourense	13.354	14.876	28.230
Pontevedra	48.387	55.065	103.452
Galicia	122.204	135.345	257.549
España	2.117.980	2.394.173	4.512.153

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:


	Menores de 25 anos	Mayores de 25 anos	TOTAL
	A Coruña	5.005	95.395
Lugo	1.496	23.971	25.467
Ourense	1.624	26.606	28.230
Pontevedra	5.663	97.789	103.452
Galicia	13.788	243.761	257.549
España	387.501	4.124.652	4.512.153

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Andalucía	1.039.837	2.121	0,20	-29.557	-2,76
Aragón	103.066	-228	-0,22	-6.708	-6,11
Asturias	98.302	-1.212	-1,22	-5.497	-5,30
Illes Balears	80.295	-2.771	-3,34	-8.923	-10,00
Canarias	258.687	-1.056	-0,41	-16.864	-6,12
Cantabria	48.514	-3.242	-6,26	-8.399	-14,76
Castilla-La Mancha	242.405	139	0,06	-17.751	-6,82
Castilla y León	223.293	-1.576	-0,70	-18.436	-7,63
Catalunya	581.124	-1.645	-0,28	-48.462	-7,70
Valencia	518.388	-345	-0,07	-42.050	-7,50
Extremadura	137.223	-2.666	-1,91	-13.399	-8,90
Galicia	257.549	-1.453	-0,56	-22.522	-8,04
Madrid	508.448	2.411	0,48	-41.066	-7,47
Murcia	144.432	-427	-0,29	-8.779	-5,73
Navarra	49.049	-379	-0,77	-4.033	-7,60
País Vasco	170.895	-1.270	-0,74	-5.141	-2,92
La Rioja	25.385	-44	-0,17	-2.378	-8,57
Ceuta	13.135	422	3,32	141	1,09
Melilla	12.126	-317	-2,55	-509	-4,03
TOTAL	4.512.153	-13.538	-0,30	-300.333	-6,24

Fonte: SEPE, Febreiro 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA (Mes en curso – igual mes do ano anterior)



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO POR CCAA (Febreiro 2014 - Febreiro 2015)

Publicada no DOG a orde de axudas por fillo a cargo que incrementa as contías de 360 a 1.200 euros polo segundo nacemento

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, explicou en rolda de prensa as novidades desta convocatoria, que adianta este ano a súa publicación en preto de dous meses
- ▶ Trátase dun pagamento único por cada fillo ou filla menor de tres anos: 360 polo primeiro, 1.200 euros polo segundo, e 2.400 polo terceiro e sucesivos
- ▶ Ata agora, a axuda consistía nun pagamento único de 360 euros por cada fillo nacido, adoptado ou acollido
- ▶ O orzamento da orde incrementábase neste exercicio ata os 1,8 millóns de euros
- ▶ Os destinatarios son aquelas persoas que non estiveran obrigadas a presentar a declaración do IRPF, nin o fixeran voluntariamente
- ▶ Esta medida forma parte do Plan de dinamización demográfica de Galicia, composto por 69 medidas, e que xa conta cunha execución de máis do 60 por cento

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2015.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a Orde de prestacións por fillo a cargo, que inclúe este ano importante novidades co obxectivo de dar cumprimento ao Plan de dinamización demográfica de Galicia. A máis importante é o incremento das contías. Ata agora aboábase un pagamento único de 360 euros por cada fillo menor de 3 anos, mentres que desde este ano a contía será de 360 euros se se trata do primeiro fillo do solicitante, de 1.200 euros se é o segundo, e de 2.400 se é o terceiro ou sucesivo.

Así o explicou en rolda de prensa a directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, quen destacou tamén que esta convocatoria se adianta este ano en preto de dous meses, co fin de mellorar a xestión e de que as familias poidan contar antes con esta axuda.

O orzamento da orde tamén se amplía ata os 1,8 millóns de euros. Ademais, a directora xeral aclarou que está garantido que as axudas chegarán a todo aquel que cumpra os requisitos.

Esta convocatoria está dirixida a aquelas persoas que non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF correspondente ao 2013, nin a teñan presentado de forma voluntaria. As persoas que realizan a declaración do IRPF xa teñen dereito ás deducións fiscais das mesmas

contías, que tamén se incrementaron este ano, e que converteron a Galicia na comunidade autónoma con maior beneficios fiscais do Estado nesta materia.

Poderán optar a estas axudas aquelas persoas con fillos ou fillas menores de tres anos ao 1 de xaneiro de 2015 (nados entre o dous de xaneiro de 2012 e o un de xaneiro de 2015, ambos incluídos). Tamén poderán optar aquelas familias con fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2011 e o 31 de decembro de 2014.

Para solicitar a axuda é necesario que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia e que os nenos convivan coa persoa solicitante.



http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150202/AnuncioCA05-140115-0002_gl.pdf



A petición poderá formalizarse electronicamente, a través da sede electrónica da Xunta. Tamén poderá presentarse a solicitude en soporte papel, en calquera dos rexistros.

O prazo para achegar as solicitudes será do 3 de febreiro ata o 14 de marzo, ambos incluídos. Isto é, por un período de corenta días naturais desde o día seguinte da súa publicación.

A resolución destas axudas, que podería chegar a máis de 4.000 persoas, contarán cun prazo de resolución de 5 meses desde que a solicitude teña entrada no rexistro.

Plan de dinamización demográfica

Esta medida inscribese no Plan de dinamización demográfica de Galicia, que conta cun total de 69 medidas, das que xa se teñen executado máis do 60 por cento. Un dos principais eixos deste plan é o fomento da conciliación, a sensibilización e o apoio socioeconómico á natalidade, co obxectivo de promover a recuperación demográfica.

Así, por exemplo, en 2014 xa se incrementou nun 20 por cento a dedución fiscal por nacemento ou adopción dun fillo, que pasou de 300 a 360 euros. En 2015, ampliouse aos 1.200 euros polo nacemento ou adopción do segundo; e aos 2.400 polo terceiro e sucesivo. Polo tanto, a convocatoria que se publica no DOG ten por obxectivo estender estas axudas dun xeito equivalente ás persoas que non presentan a declaración.

Esta non é a única medida que se está implementando, segundo asegurou a directora xeral, quen recordou que se están creando novas prazas na rede autonómica, que se está traballando en novas medidas como a casa-niño, que se puxo en marcha a exención de matrícula do segundo fillo nas escolas da rede autonómica, ou o recentemente anunciado concerto de 500 novas prazas de educación infantil.

Ademais, lembrou que neste exercicio está blindada a partida destinada á familia e á infancia, cun total de 61 millóns de euros.

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes para o curso 2015-2016 nas escolas infantís A Galiña Azul

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2015.- Xa se poden presentar as solicitudes de praza para o curso 2015-2016 en 157 escolas infantís da Rede Galiña Azul. A resolución cos prazos e requisitos, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), pódese consultar tamén na páxina web www.escolasinfantisdeg Galicia.es ou no propio centro onde se queira matricular ao neno ou nena.

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, e o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Roberto Rodríguez, informaron hoxe en rolda de prensa sobre o devandito proceso de matrícula.

A oferta da rede autonómica do próximo curso pasará das 149 escolas actuais a 159 escolas no comezo do curso. Os dez novos centros son oito escolas de nova creación ubicadas nos concellos de Boiro, Cambre, Malpica, Melide, Muros, Oroso, Porto do Son e Salvaterra de Miño e outros dous, as escolas de Meira e de Narón-Xuvia, que veñen funcionando agora como escolas municipais e en setembro pasan a formar parte da rede da Xunta. A rede A Galiña Azul acada así as 9.294 prazas, unha oferta que supón un incremento do 71 por cento

respecto ás 5.430 prazas coas que contaba en abril de 2009.

Na súa intervención, o xerente do Consorcio lembrou ademais que no próximo curso escolar haberá 500 novas prazas públicas de 0-3 anos financiadas con fondos da Administración autonómica a través do sistema de concerto con centros privados.

A oferta de prazas públicas sostidas con fondos autonómicos complétase coas escolas municipais, as escolas dependentes de entidades de iniciativa social e doutras entidades e máis de 1.000 prazas de cheque infantil, acadando un total de preto de 20.500 prazas sostidas con fondos públicos á disposición das familias galegas.

Con esta oferta, segundo salientou Roberto Rodríguez, acádase por primeira vez a cobertura recomendada pola Unión Europea para o tramo de idade 0-3, que supón contar cunha oferta de 33 prazas para cada 100 nenos e nenas en idade de acceder a unha escola infantil.

Presentación de solicitudes

A convocatoria de matrícula para o vindeiro curso inclúe un total de 157 escolas A Galiña Azul. A rede autonómica conta con dous centros máis ubicados –ata facer o

- ▶ A rede autonómica ofertará un total de 9.294 prazas, 532 máis (6%) que o curso anterior
- ▶ A oferta total de prazas públicas na comunidade acada por vez primeira a ratio do 33 por cento recomendada pola Unión Europea
- ▶ As instancias poderán presentarse ata o día 23 de marzo e o curso comezará o 4 de setembro.

total de 159- nos edificios administrativos da Xunta en Vigo e Pontevedra que contan cun proceso de matrícula independente.

O prazo para a presentación de solicitudes de renovación de praza ou de novo ingreso estenderase ata o 23 de marzo, as listas provisionais de admitidos publicaranse o día 5 de maio e as listas definitivas, o día 29 de maio. O prazo para formalizar a matrícula dos nenos e nenas admitidos será dende o 1 ata o 10 de xuño, ambos os dous incluídos. O curso comezará o 4 de setembro.

Algunhas novidades no procedemento

Pola súa banda, a directora xeral de Familia e Inclusión deu conta das algunhas novidades no procedemento de matrícula. Entre outras, destacou que se equipará a situación laboral das familias monoparentais coas das familias nas que o neno ou nena convive cun só proxenitor. Neste caso, adjudicase a puntuación que corresponda como dous.

Outra novidade é que se terán en conta as variacións económicas na renda da unidade familiar ata o momento de presentación de solicitudes. Ata agora era necesario, precisou, manter estas variacións durante un período de catro meses para ser valoradas. Grazas a esta modificación, as familias que vexan diminuídos os seus ingresos nun 20%, verán incrementada a súa puntuación para o acceso a unha praza e diminuída a cota mensual que deben aboar.

Por outra banda, González lembrou que se mantén a situación prevista na orde do ano pasado de que as solicitudes presentadas fóra de prazo con xustificación se admitirán ata a data anterior á publicación da relación provisional de admitidos/as (5 de maio) co fin de concretar e unificar prazos en toda Galicia. Ao igual que o ano pasado, a documentación para optar a cheque infantil presentárase coa solicitudes de praza nas escolas, co obxectivo de axilizar a súa tramitación.

Benestar abre o prazo para solicitar praza para estadias nas residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula o procedemento de adjudicación das estadias e servizos destas residencias adscritas á Consellería de Trabajo e Benestar
- ▶ O prazo para a presentación de solicitudes rematará o 20 de marzo
- ▶ Como novidade nesta edición permitirase ás familias presentar solicitudes nas dúas residencias
- ▶ A orde recolle este ano por primeira vez a reserva da segunda quenda de xullo para as familias monoparentais
- ▶ Como noutros exercicios, a última quenda de xullo tamén se reserva ás familias acolledoras e a primeira quenda de agosto para as familias numerosas.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2015.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria para a adjudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre de Panxón (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense) que están adscritas á Consellería de Trabajo e Benestar. Os dous centros están destinados ao ocio e ao lecer das familias, xa que o obxectivo desta acción é favorecer a comunicación e participación persoal e sociofamiliar, cumprindo desta maneira unha importante función social.

Poden beneficiarse de estadias nestas residencias tanto as

persoas maiores como os menores, sempre que vaian en compañía dos seus pais e nais ou titores legais, así como os galegos e galegas residentes no exterior. O prazo para a presentación das solicitudes rematará o próximo 20 de marzo. As inscricións deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado, que está dispoñible na sede electrónica da Xunta, <https://sede.xunta.es>.

Familias monoparentais

Como novidade este ano, a unidade familiar poderá solicitar estadias para as dúas residencias

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150218/AnuncioCA05-120215-0001_gl.pdf



de tempo libre e para unha ou varias quendas, aínda que non se admitirán a sorteo as solicitudes que inclúan persoas que gozasen dalgunha quenda na mesma residencia nalgún dos anos anteriores. Non se adjudicarán prazas por máis dunha quenda durante a tempada de verán.

Ademais, nesta edición por primeira vez resérvase a segunda quenda do mes de xullo para as familias monoparentais. Así mesmo, e, como outros anos, a última quenda de xullo queda reservada para as familias acolledoras, dando, deste xeito, cumprimento a unha demanda deste colectivo e se reserva a primeira quenda de agosto para as familias numerosas. A

adjudicación destas quendas para as familias monoparentais, acolledoras e numerosas farase igualmente por sorteo de datas o mesmo día, sendo as sobrantes incluídas, de ser o caso, no procedemento xeral de adjudicación.

A adjudicación das prazas efectuarase por sorteo de datas o próximo 26 de marzo. Será público e terá lugar ante o xefe ou xefa territorial da Consellería de Trabajo e Benestar correspondente ás localidades onde se emprazan as residencias. A relación de adjudicatarios das estadias e quendas adjudicadas publicarase o 10 de abril nas páxinas web <http://traballoebeneficio.xunta.es/> e www.familiasgalegas.org

<http://www.familiasgalegas.org/>

Feijóo avanza o Plan Galego de Política Familiar, con máis de 170 medidas de axuda ás familias

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2015.-

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou na rolda de prensa do Consello o Plan galego de política familiar, cuxo borrador "será presentado de forma inmediata ás organizacións e entidades que traballan neste sector para buscar o maior acordo posible". "Estamos a falar dun instrumento de axudas ás familias", engadiu. O Plan galego de política familiar, apuntou Feijóo, "posúe 177 medidas que inciden en seis áreas de actuación: convivencia familiar, educación, conciliación, saúde, vivenda e ocio e deporte".

Máis polo miúdo, Feijóo explicou que o plan contén seis

obxectivos xerais: dotar as familias que máis o precisen de recursos; dar resposta ás necesidades das familias que teñen unha situación especial aínda que sexa excepcional; establecer os mecanismos para o apoio á maternidade e a paternidade; facilitar a conciliación da familia tanto no laboral como no persoal; promover novos modelos de educación familiar para mellorar as pautas na crianza dos menores; e tamén sensibilizar a sociedade da importancia da familia e a súa incidencia no estado de benestar.

Se ben esta iniciativa será presentada ao sector antes da súa aprobación definitiva, o responsable do Goberno galego destacou

- ▶ Precisa que o texto "será presentado de forma inmediata ás organizacións e entidades que traballan neste sector para buscar o maior acordo posible"
- ▶ Enumera as "seis áreas de actuación: convivencia familiar, educación, conciliación, saúde, vivenda e ocio e deporte"
- ▶ Apunta que "a Consellería de Trabajo e Benestar lanza este plan a partir de agora e iremos informando do seu resultado e, por suposto, terá que volver ao Consello para a súa aprobación".

algunha das medidas que prevé. E, neste liña, salientou a creación dun rexistro de familias monoparentais e un sistema de beneficios para estas familias; o fomento e ampliación dos programas de mediación familiar e a potenciación da creación de centros de primeiro ciclo de educación infantil en contornos empresariais.

Así mesmo, o plan recolle a posta en marcha de programas

de voluntariado en familia nos proxectos dependentes da Xunta e a bonificación de prezos para as familias en situación de dificultades socioeconómicas.

Segundo informou o presidente da Xunta "a Consellería de Trabajo e Benestar lanza este plan a partir de agora e iremos informando do seu resultado e por suposto terá que volver ao Consello para a súa aprobación".

Bravo Bosch entrega os diplomas de 100 alumnos e alumnas de 7 cursos formativos do II Plan galego de inclusión social

Vigo, 19 de febreiro de 2015.-

A delegada territorial da Xunta en Vigo, María José Bravo Bosch, presidiu esta tarde no Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valadares a entrega dos diplomas dos 7 cursos formativos impartidos polos responsables do colectivo vigués nos últimos meses do pasado ano ao abeiro do II Plan galego de inclusión social que leva a cabo a Consellería de Trabajo e Benestar.

Bravo Bosch recoñeceu o traballo e a participación activa nestes programas do centro Cultural de Valadares que, coma dixo, contribúen a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social. De feito, algúns deles non puideron asistir a recoller o seu certificado por atoparse xa no mercado laboral.

Remataron os cursos un total de 100 alumnos e alumnas en 7 especialidades formativas.

Concretamente, en repoboación forestal, peón forestal, axudante de cociña, camareiro de restaurante, bioconstrución, agricultor ecolóxico e aplicacións informáticas foron as especialidades nas que estes mozos e mozas se formaron o ano pasado.

Durante un total de 1.650 horas teóricas e 150 prácticas recibiron unha formación orientada a mellorar a súa cualificación socio-profesional ademais de servirles para adquirir e desenvolver habilidades sociais e hábitos prelaborais que lles facilitan o exercicio dunha profesión.

A delegada resaltou así a aposta do Goberno galego polas políticas de inclusión social e por programas deste tipo, que son posibles a través das subvencións destinadas a entidades de iniciativa social co fin de que realicen actividades que contribúan ao fomento da inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en risco de exclusión social. De feito, o Centro

- ▶ A delegada territorial da Xunta en Vigo presidiu o acto de clausura dos cursos formativos impartidos no ano 2014 polo Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valadares
- ▶ Repoboación forestal, peón forestal, axudante de cociña, camareiro de restaurante, bioconstrución, agricultor ecolóxico e aplicacións informáticas foron as especialidades nas que se formaron os alumnos e alumnas
- ▶ Realizaron un total de 1.650 horas teóricas e 150 prácticas onde recibiron unha formación orientada a mellorar a súa cualificación socioprofesional
- ▶ Os cursos, cunha subvención de 96.000 euros, foron concedidos ao abeiro do II Plan galego de inclusión social da Consellería de Trabajo e Benestar

Cultural, Artístico e Recreativo de Valadares recibiu un total de 96.000 euros para a realización destes 7 cursos formativos.

A Xunta de Galicia, a través das subvencións destinadas ás entidades de iniciativa social,

destinou no ano 2014 a cantidade de 3,7 millóns de euros a entidades de iniciativa social que traballan a favor dos colectivos máis desfavorecidos, o que supón un incremento do 14 por cento con respecto ao exercicio anterior.



ACCESIBILIDADE MAPA DO PORTAL CONTACTO

FAMILIAS

hoxe

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABAJO E BENESTAR

INICIO
PREGUNTAS FRECUENTES
AXUDAS E SUBVENCIÓNS
DOCUMENTACIÓN
NOVAS / AVISOS
GUÍA DE COMUNICACIÓN

Descubridenos todas as vantaxes e innovacións que poñemos ao voso alcance.

As vosas familias, as familias de hoxe!

- ★ GUÍA DE RECURSOS PARA AS FAMILIAS
- ★ MEDIACIÓN FAMILIAR
- ★ MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL
- ★ PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR
- ★ GABINETES DE ORIENTACIÓN FAMILIAR

TRÁMITES

Renovación Carné Familiar Galego

Mediación Familiar

GUÍA DE COMUNICACIÓN

- Gabinetes de Orientación Familiar

A Xunta pon en marcha un proxecto de voluntariado hospitalario no que participan xa máis de 40 asociacións

- ▶ A participación nesta iniciativa, denominada Gold de Voluntariado, está aberta a calquera persoa que desexe axudar os demais
- ▶ O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida dos lucenses, especialmente dos enfermos ingresados nos distintos hospitais públicos
- ▶ Grazas a este programa xa se levaron a cabo numerosas actividades no ámbito da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, destinadas a pacientes ingresados.

Lugo, 4 de febreiro de 2015.

As conselleiras de Sanidade, Rocío Mosquera, e de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, visitaron o Hospital Universitario Lucus Augusti para presentar o Plan de Voluntariado deste centro sanitario do Servizo Galego de Saúde. No ano 2014 púxose en marcha o proxecto Gold de Voluntariado no ámbito da Estrutura organizativa de xestión integrada (EOXI) do Sergas na provincia de Lugo, coa finalidade de ofrecer á sociedade un espazo a través do que poidan manifestar a súa sensibilidade e compromiso cos demais e, especialmente, cos enfermos ingresados nos distintos hospitais públicos e, á vez, mellorar a calidade de vida dos usuarios do sistema de saúde.

Este proxecto nace dentro do Plan de humanización que o Sergas está a levar a cabo na provincia. Trátase dunha actuación solidaria e participativa que xorde para ofrecer apoio e compañía a todos os lucenses que, por distintas razóns, precisen apoio, orientación ou compañía.

Como parte do Plan galego de acción voluntaria, o proxecto leva a cabo actividades con outras entidades prestadoras de voluntariado que favorezan a participación da cidadanía no ámbito da saúde, e impulsa novas experiencias solidarias e axendas de voluntariado promovidas dende a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, coa que colabora activamente.

Calquera persoa que desexe axudar os demais, comprometerse coa sociedade ou colaborar na mellora da calidade de vida dos nosos

conxéneros pode formar parte do proxecto Gold de Voluntariado EOXI de Lugo, Cervo e Monforte. Só se precisa dispor dunhas poucas horas libres á semana.

Mellorar a atención ao paciente

Co desenvolvemento desta iniciativa, a EOXI do Sergas en Lugo quere facilitar ao paciente e/ou usuario a súa estada hospitalaria, no caso de estar ingresado, ou mellorar a súa calidade de vida, axudándolle dende calquera centro do Sergas na provincia. Ademais, desenvolveranse de xeito específico accións de voluntariado destinadas á atención de pacientes con dificultades de autonomía ou autocoidados.

As actividades desenvolvidas polos voluntarios participantes neste proxecto contribúen, ademais, a unha mellora da calidade dos servizos sanitarios, prestando aos usuarios unha asistencia integral, eficaz e de calidade, aportando innovación e unha atención humanizada.

Polo tanto, trátase de axudar a que a estada das persoas no centro hospitalario sexa máis agradable a través de actividades como a musicoterapia, a práctica do xadrez, o cultivo dun horto ecolóxico, a elaboración de roupa para os neonatos ou o fomento da lectura a través de accións de bookcrossing. Para facer realidade este programa desenvolveranse dúas actividades formativas nas que se matricularon máis de 900 voluntarios e aprobaron case 450.

Para potenciar este proxecto, a EOXI está traballando na posta en marcha dunha comisión de

voluntariado, formada por traballadores sociais, psicólogo clínico, persoal de enfermaría e técnicos. Todos eles encárganse de canalizar as accións de voluntariado que se presenten, de coordinalas, e de establecer programas de formación continua para os voluntarios, como vía de mellora e motivación.

A EOXI programará cursos de formación en temas de voluntariado, ofrecerá respaldo, apoio e asesoramento permanente aos profesionais e voluntarios implicados no proxecto, e tamén lles facilitará acreditacións persoais como voluntarios mediante carnés específicos. Nestes momentos, a EOXI conta xa con preto de 40 asociacións colaborando activamente no Proxecto Gold de Voluntariado.

Nace o 'Horto Solidario'

Da man de proxecto Gold de voluntariado, a EOXI, en colaboración coa Consellería de Trabajo e Benestar, e coa cafetería Ape-téceme do HULA, vai poñer en marcha o proxecto Horto solidario, unha iniciativa que verá a luz nos vindeiros días.

O Horto solidario está emprazado no recinto do Hospital Universitario Lucus Augusti, nunha zona lateral do centro, de fácil acceso para todos os participantes. A zona conta con terreo para labrar, un invernadoiro e unha caseta para

gardar os apeiros.

A finalidade principal do Horto solidario é que a colleita que se obteña se destine a persoas sen recursos, é dicir, ao sector de poboación máis necesitado, de forma que se lles garanta o autoabastecemento de verduras e hortalizas e, en consecuencia, fomentar a súa autonomía económica. A selección dos destinatarios e a elección das familias será realizada a través de entidades expertas en temas solidarios, que se encargarán de levar os produtos ao Banco de alimentos e de distribuílos entre as familias que os precisen.

Sen embargo a, dita iniciativa persegue tamén outros obxectivos, como sensibilizar a sociedade de que a súa colaboración é necesaria para axudar a familias necesitadas e fomentar as accións de voluntariado como vía de axuda e compromiso coa sociedade.

No Horto solidario poden participar profesionais do Sergas na provincia, usuarios do sistema, e todo aquel cidadán que desexe compartir o seu tempo e destinalo a mellorar a calidade de vida doutras persoas. Cada voluntario poderá participar en diversas accións, segundo o seu desexo, dende cultivar o campo, coidar as ferramentas de traballo... ata planificar clases temáticas, etc. Todo iso cunha flexibilidade absoluta, para que cada voluntario poida ter

un compromiso e horario axustado ás súas necesidades.

A longo do ano, tanto durante a semana como os fin de semana, os voluntarios serán destinatarios de charlas, obradoiros e outras actividades formativas relacionadas coa agricultura, a rotación de cultivos, as épocas de semente e os produtos de cada unha delas, a preparación do terro, poda e enxertos, compostaxe e fertilizantes orgánicos, etc.

Ademais, está previsto abrir este espazo solidario aos colexios, de forma que dentro do programa de visitas guiadas ao Hospital Universitario Lucus Augusti, tamén se lles mostrará e deixará participar no Horto solidario, para que os nenos tomen contacto coa natureza e aprendan sobre os produtos da nosa terra. Este proxecto ten, polo tanto, moitas fortalezas, entre as que destacan o reforzo da solidariedade e do voluntariado, a educación en valores ambientais, a implicación da poboación no mundo da saúde, a adquisición de hábitos alimenticios saudables... ao mesmo tempo que se crea un espazo común, de intercambio social e cultural de experiencias e valores.

Avances no eido do voluntariado

Dende a Consellería de Trabajo e Benestar, ademais desta iniciativa desenvolvida grazas a unha colaboración estreita entre este departamento e Sanidade, impúlsanse outros tipos de voluntariado como o social, o de maiores e o ambiental, posto que a acción voluntaria é unha das prioridades do Goberno galego. En Galicia existen na actualidade case 38.000 persoas e 828 entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria.

Entre os avances acadados nesta materia, cabe lembrar que se aprobou por unanimidade en 2011 unha nova Lei galega de acción voluntaria que permitiu, de forma pioneira na Comunidade, certificar as actividades de voluntariado, incorporándoas así ao currículo dos voluntarios e voluntarias.

Un total de 45 menores de 30 anos beneficiáronse de prácticas laborais en Europa no marco dun proxecto de Xuventude

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, reuniuse cos beneficiarios das bolsas Leonardo da Vinci do proxecto "Europeizando Galicia"
- ▶ Trátase de mozos e mozas galegas con estudos universitarios ou de Formación Profesional relacionados cos sectores administrativo, informático, electricidade, márketing, turístico, hostaleiro, agroforestal, agroalimentario ou vitivinícola
- ▶ As prácticas formativas, de 12 semanas de duración, desenvólvense entre os meses de setembro a decembro en Burdeos (Francia), Budapest (Hungria), Arezzo (Italia), Cork (Irlanda), Cracovia (Polonia) e Praga (República Checa)
- ▶ Durante o 2014, un total de 350 mozos e mozas galegos realizaron unha estancia formativa no marco de tres programas de mobilidade xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: Galeuropa, Eurogal e La Ida, cun orzamento de 745.000 euros.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2015.-

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, reuniuse hoxe cos beneficiarios das 45 bolsas Leonardo da Vinci do proxecto "Europeizando Galicia" (EUROGAL) que veñen de rematar as súas prácticas laborais non retribuídas en varios países da Unión Europea.

Trátase de mozos e mozas galegas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos con estudos universitarios ou de Formación Profesional relacionados cos sectores administrativo, informático, electricidade, márketing, turístico,

hostaleiro, agroforestal, agroalimentario ou vitivinícola.

As prácticas formativas, de 12 semanas de duración, desenvólvense entre os meses de setembro a decembro en Burdeos (Francia), Budapest (Hungria), Arezzo (Italia), Cork (Irlanda), Cracovia (Polonia) e Praga (República Checa).

Durante o 2014, un total de 350 mozos e mozas galegos realizaron unha estancia formativa no marco de tres programas de mobilidade xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: Galeuropa, Eurogal e La Ida, cun orzamento de 745.000 euros.

A estes programas hai que sumarles a participación de 1.506 mozos galegos no programa Erasmus+ que, no eido da xuventude, fomenta a mobilidade en Europa dos mozos e traballadores de xuventude a través de diversas actividades de educación non formal. No 2014 na Comunidade Autónoma foron aprobados 43 proxectos de Erasmus+ cun orzamento total de 920.781 euros.

Na súa intervención, Rodeiro sinalou que "a mobilidade é un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida, como polo apoio que supón na aprendizaxe dun idioma estranxeiro". Deste xeito, "a experiencia laboral no estranxeiro aporta un valor engadido á formación dos mozos, a súa traxectoria profesional e pode proporcionarlle máis oportunidades de emprego", apuntou.

Rodeiro destacou que os programas de mobilidade son "un pilar das políticas do goberno autonómico en materia de xuventude" e, por iso, indicou que a mobilidade é un dos once eixos do Plan Estratégico de Xuventude de Galicia 2014-2016 Horizonte 2020.

<http://xuventude.xunta.es/>

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



Catálogo de publicacións na web



BITEB. Boletín Informativo de Trabajo e Benestar febreiro 2015, nº 104

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_n_104_Febrero_2015.pdf

Saídas profesionais comarcais



Esta publicación de carácter anual iniciouse nos anos 2005 e 2006 e serviu como base para a realización dunha aplicación web denominada "Datos sobre ocupacións" (2007), con información estatística referida aos grupos ocupacionais máis contratados nos ámbitos autonómico, provincial e comarcal.

En 2008 reestruturábase o resultado final facendo fincapé, non nas ocupacións máis contratadas nas comarcas galegas, senón nos grupos ocupacionais que presentan unha maior ocupabilidade laboral. Trátase, pois, de incidir naquelas ocupacións que mostran mellores resultados nos indicadores manexados, estean ou non entre as máis contratadas na comarca.

A publicación da nova Clasificación nacional de ocupacións no ano 2011 non permitiu empregar a metodoloxía utilizada nas anteriores publicacións de Saídas profesionais comarcais, de aí a aparición dun novo formato publicado nos anos 2012 e 2013.


O ano 2014 marca o reinicio da metodoloxía anterior, ao contar cun período trienal que permite realizar as series e cálculos cun mínimo de rigor estatístico. En sucesivas publicacións iran incorporando anos ata acadar un período quinquenal, que consideramos é o máis axeitado neste proxecto.

Coa publicación deste traballo, o Instituto Galego das Cualificacións persegue acadar un dos seus obxectivos prioritarios: coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas, e proporcionar-lles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Saidas_profesionais_comarcais_2014.pdf

Profesións reguladas: análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias formativas. Actualización Xaneiro 2015




Publicación periódica na que se recolle un amplo inventario de ocupacións que requiren dunha habilitación profesional para traballar. Aparecen referencias normativas, encadre dentro dunha familia profesional e, se é o caso, a posibilidade de adquirir algunha delas a través de certificados de profesionalidade.

O informe actualízase, sempre e cando se produzan cambios normativos que modifiquen o amplien este contido.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Profesions_reguladas_Ed_act_2015.pdf

Cooperativismo e cultura : unha alianza necesaria



Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria

Este informe analiza o potencial campo de colaboración entre as empresas cooperativas e o ámbito cultural e artístico incidindo en tres aspectos: as cooperativas culturais que destacan polo uso de boas prácticas, as iniciativas públicas e privadas de fomento do cooperativismo cultural con resultados destacables e as experiencias de colaboración comercial entre artistas e cooperativas.

Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Cooperativismo_e_cultura.pdf

Os produtos químicos perigosos : sector industrial : información básica para traballadores



No documento expóñense de maneira clara e sinxela os principais danos que poden causar os produtos químicos facendo especial fincapé na importancia de identificar correctamente os produtos e as situacións que poden xerar perigo e no papel do traballador na prevención destes riscos e de como actuar ante casos de emerxencia.

Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Productos_quimicos_no_traballo.pdf

Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Productos_quimicos_peligrosos_castellano.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos no sector da pesca de altura en buques arrastreiros
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en el sector de pesca de altura en buques arrastreros
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en la pesca: arrastre de altura
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos na pesca: arrastre de altura
- ▶ Manual do alumno. Curso de prevención de TME para traballadores
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en el sector de la pesca de bajura en la modalidad de cerco
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos no sector da pesca de baixura na modalidade de cerco
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en la pesca: cerco de bajura
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos na pesca: cerco de baixura.
- ▶ BITeB, nº 104, febreiro 2015/22/15
- ▶ Prevención de riscos laborais en exposicións de gando vacún Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- ▶ Prevención de riscos laborais en explotacións de gando vacún. Os atende do Isgsa. Agro
- ▶ Xuventude Crea. Premios 2014
- ▶ Avance de datos. Sinistralidade labora. 2014
- ▶ Coordinación de actividades empresariais en reparación de buques pesqueiros. Os lembra do Isgsa. Pesca
- ▶ Profesións reguladas (actualización xaneiro 2015)
- ▶ Oferta formativa 2015

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

- Orde do 30 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2015. (DOG nº 21, do 02.02.2015).
- Resolución do 26 de xaneiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula e convoca para o ano 2015 o programa de axudas para a participación no programa Conecta con Galicia dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de persoas emigrantes galegas e que residan no exterior. (DOG nº 21, do 02.02.2015).
- Resolución do 27 de xaneiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula e se convoca o Programa de escolas abertas presenciais destinadas ás comunidades galegas e persoas galegas residentes fóra de Galicia para o ano 2015. (DOG nº 23, do 04.02.2015).
- Orde do 29 de xaneiro de 2015 pola que se convocan probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais no ano 2015. (DOG nº 25, do 06.02.2015).
- Resolución do 30 de xaneiro de 2015 pola que se efectúa unha convocatoria para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática, tras o seguimento dun curso de preparación na modalidade de teleformación. (DOG nº 26, do 09.02.2015).
- Resolución do 4 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa Reencontros na Casa para persoas residentes no exterior, durante o ano 2015. (DOG nº 28, do 11.02.2015).
- Resolución do 23 de xaneiro de 2015, da Dirección Xeral de Trabajo e Economía Social, pola que se fai pública a listaxe das entidades cooperativas que cumpriron coa obriga do depósito das contas anuais do exercicio 2013. (DOG nº 28, do 11.02.2015).
- Decreto 20/2015, do 29 de xaneiro, de racionalización de órganos colexiados da Xunta de Galicia. (DOG nº 29, do 12.02.2015).
- Resolución do 9 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 31, do 16.02.2015).
- Orde do 11 de febreiro de 2015 pola que se regula o procedemento de adxudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre adscritas a esta consellería para o ano 2015. (DOG nº 33, do 18.02.2015).
- Orde do 17 de febreiro de 2015 pola que se convocan probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo para o ano 2015. (DOG nº 36, do 23.02.2015).
- Resolución do 11 de febreiro de 2015 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta axencia para o curso 2015/16. (DOG nº 36, do 23.02.2015).
- Anuncio do 27 de xaneiro de 2015 polo que se fai pública a resolución pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 xestionadas por esta entidade para o curso escolar 2015/16. (DOG nº 36, do 23.02.2015).
- Resolución do 17 de febreiro do 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social e para a realización de viaxes por razóns de interese social, asistencial ou humanitario, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 37, do 24.02.2015).
- Orde do 13 de febreiro de 2015 pola que se aproban as bases e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2014/15. (DOG nº 38, do 25.02.2015).
- Resolución do 20 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se modifica a Resolución do 22 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes a programas de actuación a prol das entidades galegas no exterior para o exercicio 2015. (DOG nº 39, do 26.02.2015).
- Orde do 18 de febreiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 39, do 26.02.2015).
- Orde do 18 de febreiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 39, do 26.02.2015).
- Resolución do 24 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que de conformidade co disposto no artigo 6 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, se acorda o peche e a apertura de determinadas listas para a incorporación de novas solicitudes para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia e o nomeamento de persoal interino correspondente a determinados grupos, categorías, corpos e escalas. (DOG nº 40, do 27.02.2015).

Normativa das comunidades autónomas:

Andalucía

<http://www.juntadeandalucia.es/eboja/>

- Orde de 30 de enero de 2015, por la que se modifica la Orden de 11 de febrero de 2004, por la que se regulan las prestaciones económicas a las familias acogedoras de menores. (BOJA de 06.02.2015)
- Orde de 30 de enero de 2015, por la que se determina el sistema de comunicación de sospecha de enfermedad profesional por las personas facultativas médicas de los servicios de prevención de riesgos laborales. (BOJA de 06.02.2015)
- Orde de 30 de enero de 2015, por la que por la que se establecen el calendario, los requisitos y el procedimiento a los que deberá ajustarse la adaptación de los Estatutos de las entidades Cooperativas Andaluzas a la Ley 14/2011, de 23 de diciembre, de Sociedades Cooperativas Andaluzas, y al Reglamento de la citada Ley, aprobado por Decreto 123/2014, de 2 de septiembre, y se aprueban los modelos previstos en la referida Ley para la constitución simplificada de dichas Sociedades. (BOJA de 09.02.2015)
- Resolución de 11 de febrero de 2015, del Instituto Andaluz de la Mujer, por la que se dispone la publicación del Acuerdo de 21 de julio de 2014, de la Conferencia Sectorial de Igualdad, por el que se aprueba el Protocolo de Derivación entre las Comunidades Autónomas para la coordinación de sus redes de centros de acogida para las mujeres víctimas de violencia de género y de sus hijos e hijas. (BOJA de 17.02.2015)
